



AXUDAS

**Programa ES-Transforma
en Cooperativas e
Sociedades Laborais**

Convocatoria 2025



XUNTA
DE GALICIA



MINISTERIO
DE TRABAJO
Y ECONOMÍA SOCIAL

SERVICIO PÚBLICO
DE EMPLEO ESTATAL
SEPE



eusumo
Cooperativismo e Economía Social

Páxina 3	NORMATIVA REGULADORA FINALIDADE BENEFICIARIAS E REQUISITOS
Páxina 4	CONCEPTOS SUBVENCIONABLES CONTÍAS E INCENTIVOS ADICIONAIS
Páxina 5	PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES TRAMITACIÓN E RESOLUCIÓN PERÍODO DE EXECUCIÓN
Páxina 6	XUSTIFICACIÓN FINANCIAMENTO

IMPORTANTE:

**A información que se ofrece neste documento é un resumo
que non substitúe a orde de bases reguladoras.**

Antes de presentar a solicitude de subvención debe consultar a orde na súa versión íntegra.

NORMATIVA REGULADORA

Orde do 16 de maio de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras do Programa ES-Transforma, e se procede á súa convocatoria para o ano 2025 (DOG núm. 109 do 10 de xuño do 2025).

FINALIDADE

Apoiar á transformación en cooperativas ou sociedades laborais dos negocios sen relevo xeracional, de todo tipo de sociedades e das persoas traballadoras autónomas, que xa estiveran a exercer unha actividade económica.

BENEFICIARIAS E REQUISITOS

Esta convocatoria diríxese a sociedades laborais ou cooperativas, **creadas nos tres anos anteriores a data da presentación da solicitude**, que xurdan dun dos seguintes procesos:

- a) **Constitución por ausencia de remuda xeracional.** As entidades creadas estarán integradas, total ou parcialmente, por persoas traballadoras cuxos contratos resulten extintos por causa da crise ou xubilación da persoa empregadora.
- b) **Constitución por persoas autónomas** que xa estiveran a realizar unha actividade laboral e estean en situación de alta no correspondente réxime.

- c) **Constitución por transformación** de todo tipo de sociedades, incluídas as cooperativas xuvenís, ou pola adquisición da totalidade do capital integrante dunha sociedade mediante compravenda das súas participacións ou accións por parte das persoas traballadoras coa finalidade de transformala nunha cooperativas ou sociedade laboral.

A transformación deberá estar inscrita no rexistro correspondente na data da solicitude.

Requisitos

As entidades deberán cumprir os seguintes **requisitos**:

- a) Ter a capacidade administrativa, financeira e operativa para cumprir as condicións da axuda.
- b) Estar ao día nas súas obrigas tributarias e de Seguridade Social.
- c) Non ter sido sancionadas coa perda da posibilidade de obter subvencións.
- d) As cooperativas e sociedades laborais deberán estar ao día das súas obrigas legais referidas á presentación de documentos e inscrición de acordos sociais nos rexistros competentes desde a presentación da solicitude.
- e) Acreditación da formalización da constitución ou da transformación, segundo a documentación complementaria requirida no artigo 11.1 da orde.

CONCEPTOS SUBVENCIONABLES

Os conceptos subvencionables son:

1. Asesoramento legal para a constitución ou transformación. Os gastos de rexistro, notaría e os informes legais necesarios para a transformación.
2. Creación e desenvolvemento da imaxe corporativa.
3. Obtención de certificacións de calidade.
4. Marketing, comunicación ou relanzamento comercial
5. Plan de protección de datos
6. Equipamento informático
7. Adquisición e desenvolvemento de software e páxinas web
8. Mellora na eficiencia enerxética
9. Adquisición de equipamento
10. Reforma do local de negocio
11. Mobiliario
12. Elementos de transporte
13. Aluguer do local do centro de traballo
14. Seguro de responsabilidade civil e responsabilidade civil de explotación do centro de traballo.

Os servizos descritos nos números 1, 2, 3, 4 e 5 deberán estar implantados no período de execución.

CONTÍAS E INCENTIVOS ADICIONAIS

O límite máximo establécese en 46.000,00 € por entidade beneficiaria.

A contía da axuda será do 80% do custo total dos gastos subvencionables para o caso de sociedades laborais e cooperativas constituídas por ausencia de remuda xeracional, e **do 60%** para o caso de que sexan constituídas por persoas autónomas ou por transformación doutras entidades, cos seguintes límites:

- 4.000,00 € para os gastos incluídos no concepto 1.
- 5.000,00 € para os gastos incluídos nos conceptos 2, 3, 4, e 5.
- 8.000,00 € e 12 mesualidades para os gastos incluídos no concepto 13.
- 500,00 € para os gastos incluídos, en conxunto, no concepto 14.

O límite máximo destas contías é de 30.000,00 € por entidade beneficiaria. No caso de que se solicite unha contía superior concederase de acordo coa orde de prelación establecida no artigo 6 da orde da axuda.

Incentivos adicionais

As contías poden incrementarse **en 2.000,00 €**, ata un máximo de 16.000,00 € por entidade beneficiaria, por cada unha das seguintes condicións que se cumpran:

- a) que a sede social da entidade beneficiaria se sitúe nun concello rural.

- b) que a entidade se forme na súa maioría por mulleres.
- c) que na actividade económica da nova entidade beneficiaria as mulleres contratadas nos grupos ocupacionais se atopen subrepresentadas.
- d) que se forme maioritariamente por persoas de menos de 30 anos na data de solicitude da axuda.
- e) que a entidade este formada maioritariamente por persoas emigrantes retornadas.
- f) que a entidade estea formada maioritariamente por persoas maiores de 45 anos.
- g) que a entidade estea formada maioritariamente por persoas con discapacidade.
- h) que a entidade estea formada maioritariamente por persoas trans.

PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As solicitudes presentaranse **obligatoriamente** por medios electrónicos a través do formulario normalizado (anexo I) dispoñibles na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>).

Para presentar as solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365, (<https://sede.xunta.gal/chave365>)

SUBVENCIONS 2025. BASES E CONVOCATORIA

As entidades solicitantes deberán presentar unha única solicitude, que deberá estar acompañada da documentación complementaria sinalada na orde.

PAZO DE PRESENTACIÓN

Comezará o oitavo día hábil posterior ao día da publicación da orde no DOG ata o 15 de setembro de 2025.

TRAMITACIÓN E RESOLUCIÓN

O órgano competente para a instrución do procedemento de estas axudas é a Dirección Xeral de Traballo Autónomo e Economía Social.

PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN

Concurrencia non competitiva

PERIODO DE EXECUCIÓN

PERÍODO DE EXECUCIÓN

Dende o 1 de novembro de 2024 ata o 31 de outubro 2025.

Os servizos e/ou os investimentos subvencionables deberán estar realizados no período de execución indicado e as facturas deberán estar emitidas no dito

período ao igual que os plans, informes e demais entregables dos servizos desenvolvidos.

XUSTIFICACIÓN

As entidades beneficiarias deberán presentar a xustificación conforme á resolución de concesión e solicitar os correspondentes pagamentos mediante solicitude conforme o modelo que figura como anexo II na orde.

**Data máxima de presentación da solicitude
de pagamento e xustificación das accións:**

10 de novembro de 2025.

FINANCIAMENTO

Esta convocatoria está dotada con 2.370.000 €.

As axudas fináncianse con fondos finalistas do Estado recibidos do Servizo Público de Emprego Estatal.

MAIS INFORMACIÓN

**CONSELLERÍA DE EMPREGO,
COMERCIO E EMIGRACIÓN**

DIRECCIÓN XERAL DE TRABALLO AUTÓNOMO E ECONOMÍA SOCIAL

Edif. Administrativo. San Lázaro, s/n-15781 Santiago de Compostela
981544784 - 981541675

conselleriaemprego.xunta.gal
economiasocial.emprego@xunta.gal

eusumo.gal
info@eusumo.gal